

Ciencias Sociais

T3 .O HOME E A TERRA

(Cada pregunta puntuarase con 0.5 e 1 punto pola entrega do exercicio)

1. O home é o único animal que pode cambiar o seu contorno natural?

O ser humano non é a única especie animal que altera os ecosistemas, **todas as especies alteran o seu contorno natural**, aínda que sexa en moi pequena medida.

Un dos casos máis coñecidos é o dos castores, capaces de talar árbores e empregalos para facer presas, creando pozas artificiais que alteran o curso normal do río.

Outros exemplos son as toupas, que escavan a terra e crean túneles que alteran a distribución do subsolo, ou os elefantes, que destrúen as árbores, impedindo que se poidan formar bosques en zonas de sabana.

2. Qué son as materias primas?

Son aquelas que se sacan da natureza para o seu aproveitamento. Con elas se elaboran produtos que logo chegan á poboación. Por exemplo, a madeira, os minerais ou os produtos agrícolas

3. Dí que son recursos renovables limitados e ilimitados e pon un exemplo de cada.

Dentro dos recursos renovables, distinguimos os **ilimitados**, que non se esgotan, como por exemplo a enerxía solar: non importa canta enerxía do Sol empreguemos, non a imos gastar de ningunha das maneiras e **limitados**, como a madeira, que só se rexenera se volvemos sementar as árboles

4. Pon verdadeiro (V) ou falso(F).

- O petróleo é un combustible de orixe fósil. **V**
- O cambio climático xa non é un problema polas medidas que se tomaron.**F**
- O desxeo dos polos fai que suba o nivel do mar. **V**
- O cambio climático está demostrado científicamente. **V**

5. Qué son os recursos naturais?

Son **elementos que se dan de xeito natural no medio** e que o ser humano pode empregar para o seu beneficio. Separamos estes recursos en **renovables** ou **non renovables**, sendo os primeiros os que non se esgotan ou teñen a capacidade de rexenerarse a unha velocidade que permita o seu emprego constante.

6. Pon exemplos de recursos renovables (mínimo 3):

Poden ser exemplo de renovables: O sol, o auga, o vento, a madeira.

Pon exemplos de recursos non renovables (mínimo 2):

Exemplos de non renovables son: Carbón, petróleo, gas natural, uranio ...

7. Qué é o protocolo de Quioto?

É un acordó internacional asinado en 1997, co fin de diminuír a emisión de gases con efecto invernadoiro que contribúen ao quecemento global.

8. Cales son as consecuencias máis evidentes do cambio climático?

- O derretemento dos polos e o consecuente aumento do nivel do mar, aproximadamente 2 cm cada 10 anos.
- A desaparición de moitas cidades do planeta.
- A desaparición de especies como o Oso Polar, cuxa hábitat desaparecería para sempre.
- O cambio nas datas de inicio, fin das estacións; o que suporía que moitas especies vexetais desaparecesen.
- Cambios nos costumes migratorios de moitas aves e peixes.
- Etc.

9. Cómo se poden clasificar os recursos naturais según o seu uso?

- **Materias primas:** son aquelas que se sacan da natureza para o seu aproveitamento. Con elas se elaboran produtos que logo chegan á poboación. Por exemplo, a madeira, os minerais ou os produtos agrícolas.
- **Fontes de enerxía:** poden ser empregadas para obter enerxía para os transportes, a industria ou os fogares. Por exemplo, o petróleo, a luz do Sol, o vento ou o carbón

10. En que categorías dividimos as materias primas? Pon un exemplo de cada tipo.

As materias primas divídense con frecuencia nas seguintes categorías:

- **Orixe animal,** como a carne, a pel, a seda ou as graxas animais.
- **Orixe vexetal,** como a madeira, o algodón, o liño, as froitas, as verduras ou os cereais.
- **Orixe mineral,** como o petróleo, o carbón, o granito, o ferro, o aluminio ou o ouro (en casos como o petróleo ou o carbón, aínda que derivasen dos fósiles de vexetais, considéranse materias primas de orixe mineral).
- **Orixe líquida ou gasosa:** como a auga, o hidróxeno ou o aire (do que, por exemplo, se extrae o nitróxeno).

11. Qué é necesario para que haxa un desenvolvemento sostible?

Para que haxa un desenvolvemento sostible hai que permitir que a natureza se rexenere á mesma velocidade con que se empregan os seus recursos. Isto é posible coa utilización responsable de enerxías e materias primas renovables, coa xestión dos

residuos, para que estes poidan volver á cadea produtiva, ou coa limitación da contaminación, para que non se altere a natureza.

12. Cómo se poden empregar as fontes de enerxía?

Poden ser empregadas para obter enerxía para os transportes, a industria ou os fogares. Por exemplo, o petróleo, a luz do Sol, o vento ou o carbón.

13. Subliña a opción correcta.

Os metais son recursos:

Renovables.

Ilimitados

Non renovables

Rexenerables

14. Cómo se poden clasificar os recursos naturais según a súa disponibilidad?

Segundo a súa **dispoñibilidade**, os recursos naturais poden clasificarse en dous tipos: **recursos renovables** ou **non renovables**.

15. Qué é a contaminación e que tipos de contaminacións existen?

Falamos de **contaminación** cando a intervención humana no medio natural é negativa e supón a introdución de substancias nel que fan que se degrade.

Podemos clasificar a contaminación de diferentes formas, pero unha das máis habituais é ter en conta o medio ao que afecta:

Contaminación do aire ou **contaminación atmosférica**.

Contaminación da auga.

Contaminación do solo.

16. Qué características presentan os recursos non renovables?

Os recursos non renovables caracterízanse por non poder ser rexenerados ou reutilizados ou reproducidos. Isto os converte tamén en limitados. Por exemplo, na terra hai unha cantidade limitada de petróleo, e non se pode rexenerar. Iso quere dicir que as reservas se van reducindo paseniño e chegará un día en que se esgote, se continúa a súa extracción.

17. Cales son as principais causas do cambio climático?

Entre as principais causas estarían as emisións de dióxido de carbono á atmosfera (sobre todo polo uso de combustibles fósiles como o petróleo) ou a deforestación (as árbores axudan a controlar a cantidade de dióxido de carbono no aire).

18. Explica que son os recursos renovables?

Son os que non se esgotan ou teñen a capacidade de rexenerarse a unha velocidade que permita o seu emprego constante.

